



OUTRA OBRA QUE SE PERDE

O pasado mes de outubro o autodenominado “gobierno galeguista e de progreso”, adxudicou a obra de “Sustitución de determinadas luminarias existentes de alto consumo por outras LED” a unha empresa con domicilio fiscal en Madrid, por un importe de 31.575,36 euros. Según as palabras do propio alcalde, “segundo os mesmos trámites que realizaba o PP cando gobernaba”.

Na citada obra (xa realizada) pódense apreciar graves deficiencias técnicas coma: as luminarias non chegan á potencia esixida (> 9000 lúmenes); pedíanse de clase II (con dobre illamento) e as instaladas son de clase I; os anclaxes deberían ser de aceiro inoxidable con parafuso M12 e resina epoxi e os instalados non son os esixidos, de feito algún xa está oxidado!!!. A todo isto habería que engadir que, o servizo de mantemento, seguramente sería de mellor calidade se o traballo o realizase unha empresa da vila.

Todo o exposto demostra que de galeguista e de progreso (polo menos para os intereses xerais do pobo), este goberno ten pouco, co agravante de que as obras de 50.000 euros (sen IVE), poden ser adxudicadas de xeito legal e transparente a empresas con domicilio fiscal en Cedeira.

Como conclusión podemos afirmar que, aínda que cambien os gobernantes, os seus intereses son os mesmos... cousas da vida que diría Castelao.

